



SABELA LABRAÑA, PROFESORA DE GALEGO EN BARCELONA

‘Traballar para unha cultura minorizada non é unha profesión, é unha vida’

A filóloga Sabela Labraña deixou a Universitat de Barcelona (UB) logo de máis de vinte anos dedicada á docencia da lingua galega. Nesta entrevista fai balance e explícanos a situación actual dos estudos de galego en Cataluña.

— Que balance fas da túa actividade como profesora de galego na Universitat de Barcelona?

Un balance enormemente positivo ao cal contribuíu de xeito significativo todo equipo de profesores dos Estudos galegos, con Basilio Losada á fronte. No eido docente, as satisfaccións foron innumerables tanto no que fai aos alumnos universitarios, coma aos dos cursos para non universitarios. Chegabamos a unha cantidade tremenda de persoas, de perfís sociais diferentes, moitas delas que nunca antes falaran galego e que acabaron polo integrar no seu repertorio lingüístico.

No que fai á pescuda, investiguei en dúas liñas principais, fonética e sociolingüística. Fixen a miña tese de doutoramento sobre as fricativas do galego e estudiei o comportamento lingüístico dos galegos en Cataluña. E ultimamente orienteime cara a un paradigma de pensamento, a complexidade, que me permitiu albiscar novas maneiras de achegarme á situación conflitiva das linguas en Galicia. Ademais, dende a convicción profunda de que a interculturalidade é inherente á humanidade, dediquei boa parte do meu traballo ao Proxecto Galauda: ensino do galego na Secundaria de Cataluña e do catalán na Secundaria de Galicia. As actividades máis representativas deste proxec-

to foron as viaxes a Galicia, onde ademais do coñecemento vivencial do país, teñen lugar os intercambios educativos con diferentes IES galegos. A miña ilusión é que estes rapaces, logo de coñecérense, non caian nunca na confrontación histórica dos pobos do Estado español. E non só iso, tamén aspiramos a que o respecto, a comprensión e a amizade coa cultura galega sirva para a relación coas outras culturas que integran a sociedade català. Finalmente, no eido plurilingüe tamén participei no desenvolvemento dos métodos de aprendizaxe EuroComRom e Intercomprensión románica.

— Como lembras os inicios na UB?

Os primeiros anos de Filoloxía galega na Universitat de Barcelona (comezou en 1994-1995) foron espectaculares. Chegamos Helena González e máis eu a completar o equipo de profesores que formaban Basilio Losada e Camilo Fernández para comezar Filoloxía galega, e logo incorporouse María Xesús Lama, Ignacio Vázquez e as sucesivas lectoras. Nas materias de galego matriculábanse moitos estudantes, uns para licenciarse en Filoloxía galega e outros para cursalas como optativas. O interese pola lingua, a literatura e a cultura galegas era evidente. Hai →

HOMENAXE A SABELA LABRAÑA NA UB

@eduard_dcv

A profesora Sabela Labraña (Cedeira, 1952) recibiu unha homenaxe dos seus colegas e dos seus alumnos o pasado 9 de xuño na Facultade de Filoloxía da Universitat de Barcelona (UB). Sabela, ou a doutora Labraña, comezou a súa andaina profesional sendo mestra de Ensino Primario, anos máis tarde licenciouse en Filoloxía Románica e acabou sendo profesora de Filoloxía Galega na UB. Durante os vinte últimos anos, foi un referente na divulgación da lingua e cultura galegas en Cataluña.

O acto titulouse ‘20 anos de Estudos Galegos coa dra. Sabela Labraña, profesora de *Estudis Gallecs i Portuguesos*, co gallo da súa xubilación’, mais cumpriría explicar que quere dicir que unha profesora se xubile prematuramente tendo —como sabe calquera persoa que pasase polas súas clases— unha enerxía desbordante. O profesor Albert Bastardas dixo que a UB «no l’ha acabat d’acceptar». Non só a ela, xa que a UB ten os seus profesores asociados nunha situación precaria, con soldos ás veces de pouco máis de 300 €, que non lles permiten dedicarse en exclusiva á docencia universitaria.

Sabela Labraña tivo que volver ao ensino primario hai tres cursos porque, despois de moitísimos esforzos —dela e do equipo dos *Estudis Gallecs i Portuguesos*—, non se conseguiu mellorar a súa situación laboral na Universidade. Ora ben, ela mesma dixo que valera a pena tanto o inxente esforzo na UB coma a volta á escola, concretamente ao Centre de Formació d’Adults Palau de Mar, no que se sentiu acollida e valorada.

Na homenaxe, que abriu un emocionado Basilio Losada, destacou a capacidade de Sabela para integrar campos do saber, para abrirse de xeito entusiasta a novas perspectivas didácticas e para contaxiar a súa paixón pola lingua. Non só ensinou galego, senón que fixo do galego un vehículo para transmitir, sempre entre risas, un coñecemento que vai moito máis alá de Galicia e da lingüística. A Universidade perdeu unha gran profesora e investigadora, os seus alumnos gañamos unha mestra e desexo que Cataluña e Galicia, por cuxas relacións tanto traballou, poidan seguir enriquecéndose por moitos anos coa súa creatividade e sabedoría. **EDUARD DEL CASTILLO VELASCO**



que pensar que o galego é unha lingua minorizada aprendida nun país con outra lingua minorizada, que comparten historia común e que evolucionan de xeito diferente. Os primeiros anos foron dun rendemento intelectual e emocional increíble. Boa parte dos nosos estudantes íanse convertendo non só en falantes de galego, senón en activistas da nosa lingua. E non me refiro só aos de procedencia galega, senón tamén aos de orixe catalá ou de orixes diversas.

— Cal é situación dos estudos de galego na UB?

Os sucesivos plans de estudos logo do de 1994 foron sendo cada vez máis restritivos, e o número de alumnos que en Lingua Galega I chegou a ser de 160 alumnos matriculados foi esmorecendo aos poucos. O plan Boloña, finalmente, rematou coas posibilidades académicas dos estudos lingüísticos e literarios de culturas minorizadas. Pechouse a optatividade e con ela o camiño a múltiples estudantes de diferentes carreiras da UB para viren a estudar galego; os estudantes de historia, de xeografía, de farmacia, de química... que se viñeran matriculando de galego en anos

anteriores, viron como se lles restrinxía ese complemento de formación ao que aspiraban. O mesmo aconteceu cos estudantes de Filoloxía. Por moito que logo de facer introdución á lingua galega queiran continuar, o camiño é máis ben intransitable e acaban por abandonar.

— E no ensino secundario?

Tampouco é o mellor momento para o galego na Secundaria. Estou a me referir a cantidade e non a calidade, pois nos dous últimos cursos só a profesora Alicia Rus fai clases de galego no Col.legi El Casal de Castellar del Vallès. Aínda así, o proxecto continúa a ser mantido polo Departamento d'Ensenyament da Generalitat e pola Consellería de Educación e a Secretaría de Política Lingüística da Xunta. Seguen a se facer as viaxes anuais a Galicia e os intercambios educativos nos últimos cursos teñen lugar co colexio Padres Franciscanos de Lugo. Que provocou o declive de centros onde se impartían clases de galego? As causas son múltiples: as dificultades xerais coas que se enfrontan os sistemas educativos galego e catalán, a xubilación de boa parte dos profesores que se encargaban da docencia, e como non, as retalladas brutais de recursos económicos e humanos que complicaron o labor docente.

— Seguirás vencellada á cultura galega?

Sempre! Traballar para unha lingua e unha cultura, por riba minorizadas, non é unha profesión, é unha vida, e todos os meus alumnos forman parte deste proxecto vital e están indisolublemente unidos a el. Deixei a universidade pero aínda me quedan dous anos na escola e neste tempo estarei traballando sobre todo para a lingua e a cultura catalás, pero sempre cunha parte intercultural galego-català á que non podo nin quero renunciar.

► Presentación de *Ruído de trens*

SUSO MON

@SusomonR

O cinco de xuño presentouse na Facultade de Filoloxía (UB) *Ruído de trens*, primeiro poemario da autoría de Eduard Velasco, membro-colaborador de ERGaC, e que recibe edición pública grazas a ter obtido o XXVII Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé. Na mesa estaba a profesora Sabela Labraña, quen iniciara a Eduard na alfabetización da lingua galega hai xa máis dunha década —*Tempus Fugit!*—, contando ao seu carón coa presenza física do autor —arestora morando en Compostela— e dun inesperado hóspede, o fillo duns meses do poeta, que o acompañou na cerimonia durmindo envurullado nunha tea sobre o seu peito. O poemario que mesmo o autor encadra nos poemas de amor antóllasenos percorrendo tamén, e non en menor grao, outros espazos: a identidade, o paso do tempo... valla como proba un botón: “Entregarnos é a única saída. / Aceptar con fervor que hai que ir morrendo, / que é o decoroso a vida e o pracer”. Tal é cando se entende o amor en senso amplo, apertando ás outras dimensións presentes e necesarias da existencia. Unha apreciación que no prólogo de *Ruído de trens*, o crítico Isaac Lourido resolve como: “tensom entre a nostalgia

do lugar (a orixe, a pertenza, a identidade) que nom existe e a propensom conflituosa e reconfortante ao poema de amor”. O crítico tamén comenta que o autor “opta polo tránsito e os corpos, que é tanto como dizer pola inestabilidade e a carne”. Velaí, que outra cousa habita nas nosas vidas máis que o tránsito, o decorrer dunha vida corpórea que escoa entre as fendas do tempo?

Na sala do acto estabamos ao redor dunha cincuentena de amigos e coñecidos que puidemos descubrir que *Ruído de trens* é unha gran boa nova para a lingua e cultura de Galiza. E vén de incorporarse a elas de xeito público e notorio alguén que, sen ter a orixe nos territorios e familias nadas no país, é quen de coñecer o fondo do respirar dos días de Galiza, cal é dicir, o sentir, pensar, expresar e amar da súa cultura incardinada na vida das persoas do pobo, as mesmas que habitaran o lugar-territorio, a Casa de Cereixa, convertida agora en espazo literario dun amor que dá pé a que se afirme a primacía da carne e da natureza fronte á cultura: “que a natureza / —por sorte para todos—/ segue a estar por riba da cultura / á marxe do aparato co que visitamos a existencia”.